

CLUB DE LECTURA NA AULA E TRABALLO SOBRE UNHA NOVELA HISTÓRICA

Centrarémonos nos aspectos que caracterizan o traballo sobre unha novela desde o punto de vista histórico, é dicir, o fenómeno literario como reflexo dunha determinada realidade histórica.

As obras propostas para o curso 2022-2023 serán:

- DICKENS, Ch., *Tiempos difíciles*.
- FRANK, A., *Diario*.

1ª FASE: COMENTAMOS AO RITMO DA LECTURA

- Seguindo un calendario que se publicará na Aula Virtual, adicaremos varias sesións ao comentario dos capítulos encomendados para ese día. Tratarase de destacar frases ou fragmentos que amosen situacións, datos, procesos, que sirvan para aplicar o coñecemento histórico á obra literaria.
- Cada día o alumnado deberá aportar as súas propias observacións para aportar no traballo colectivo. As sesións serán recollidas como un diario de lectura que haberá que incorporar ao traballo.

2ª FASE: GUIÓN PARA O TRABALLO

1. IDENTIFICACIÓN DA OBRA

- Ficha do libro: autor, título, editorial, ano de publicación.
- Introducción sobre a personalidade do autor e o contexto histórico no que escribiu a obra, e unha pequena presentación do libro enmarcada no conxunto da súa produción literaria.

2. ANÁLISE DA NOVELA

- Tema, breve argumento, e estrutura.
- Actitude do autor ante os feitos que relata (obxectividade, subxectividade) e a técnica que adopta para presentalos (en primeira persoa, con distancia, etc.).
- **Análise da novela como fonte de coñecemento histórico** –punto fundamental do traballo-.
 - Identificación e análise dos personaxes como representantes duns determinados grupos sociais. Pódese ampliar coa análise da súa personalidade e a problemática concreta individual.
 - Análise das clases, dos grupos ou dos estamentos representados e dos sistemas de valores que estes simbolizan no seu momento histórico.
 - Valoración da problemática, tanto de carácter político como social ou económico que o autor nos amosa.
 - Descrición dos elementos da vida cotiá que aparecen, costumes ou calquera outro aspecto de interese histórico.

3. CONCLUSIÓN

O traballo debe finalizar cunhas conclusións de valoración crítica nas que se poden expresar formulacións obxectivas (rigor histórico, crenzas, etc.) e subxectivas (opinión e suxestións persoais) sempre xustificadas. A valoración sempre será desde o punto de vista histórico, se reflicten ou non a época tratada, o papel na sociedade das personaxes, non de detalles non significativos para o coñecemento histórico.

4. CUALIFICACIÓN DO TRABALLO

A plantilla de cualificación do traballo sobre o libro será desglosada do xeito seguinte:

REDACCIÓN PRESENTACIÓN (0,5+0,5)	FICHA BIBLIOGRÁFICA (0,5)	BIOGRAFÍA (0,5)	TEMA (0,5)	ARGUMENTO (0,5)	ESTRUTURA (0,5)	PDV AUTOR (0,5)	COMENTARIO HISTÓRICO			CONCLUSIÓN (1)	TOTAL
							PERSONA XES NO GRUPO SOCIAL (2)	PROBLEMAS ECON- POL-SOC (2)	VIDA COTIDIA (1)		